



Rede de Centros de Información Europea

SEMINARIO

“EUROPA: A RESPOSTA AOS DESAFÍOS DO FUTURO”

8 de maio de 2009

Salón de Actos do Centro de Empresas e Innovación (CEI)

**ORGANIZA: CENTRO DE INFORMACIÓN EUROPEA: EUROPE
DIRECT-LUGO**

Espazo>lab. avda. Coruña, 490 (antigo cuartel de Garabolos)

Tfno.: 982 297 361

www.lugo.es/europedirect

Unha Europa próxima á cidadanía.

A Comisión Europea sitúa a cidadanía no centro do proxecto europeo a través de políticas en ámbitos que lles tocan de cerca, tales como os dereitos fundamentais e a cidadanía, a xustiza, a seguridade, a migración, a saúde e a protección das consumidoras e dos consumidores.

Desde o Centro de Información Europea EUROPE DIRECT-LUGO e baixo o título: **“Europa: a resposta aos desafíos do futuro”** quérese suscitar un debate sobre algún dos aspectos que se consideran clave para lograr que as cidadás e os cidadáns sexan verdadeiramente o centro do proxecto europeo: a representación e a igualdade no campo da política, a universidade e a ciencia por un lado, e a información e defensa da poboación consumidora por outro.

Programa

11:00 h: recollida de acreditacións e entrega de documentación.

11:30 h: inauguración

José López Orozco. Alcalde de Lugo

Sonia Méndez García. Concelleira de Economía e Emprego

12:00 h: mesa redonda: **“Igualdade, cidadanía e política”**

A igualdade entre homes e mulleres é un dos principios fundamentais do Dereito comunitario. Os obxectivos da Unión Europea en materia de igualdade consisten en garantir a igualdade de oportunidades e de trato entre ambos os dous sexos e en loitar contra toda discriminación baseada no xénero.

Pero, esta igualdade maniféstase tamén nos ámbitos de representatividade política, na Universidade, na ciencia?

É posible identificarse cunha plena cidadanía se existen fallos de representatividade das mulleres?

Ten a lexislación europea resposta a estas preguntas?

Relatoras:

- M.^a Elena Vázquez Cendón

Profesora Titular de Universidade de Matemática Aplicada e Directora da Cátedra Dr. Jaime Vera de Emprendemento Social la USC.

“Ciencia, Universidade e Igualdade”

- Esther Cordero Zárrega

Membro da Red Team Europa, Diplomada en Estudos Europeos pola Universidade de Deusto.

“Cara a unha cidadanía paritaria en Europa”

- Julia Sevilla Merino

Letrada das Cortes Valencianas e Profesora de Dereito Constitucional da Universidade de Valencia.

“Representación e democracia en Europa”

Moderadora: Carmen Basadre López.

Concelleira de Muller e Benestar Social do Concello de Lugo.

17:00 h: mesa redonda: [“Agricultura, alimentación e consumidores”](#)

Europa conta con máis de 490 millóns de poboación consumidora, e o seu gasto representa máis da metade do produto interior bruto da Unión Europea. As consumidoras e os consumidores son a base do crecemento económico e da creación de emprego.

Están realmente informadas as persoas consumidoras sobre os produtos que adquiren?

Preocúpanos a seguridade dos produtos?

E a calidade dos nosos alimentos?

Relatores:

- Antolín Sánchez Presedo.

Europarlamentario. Membro da Comisión de Asuntos Monetarios.

“Europa: desafiando a crise”

- José Manuel Blanco González

Subdirector Xeral de Análise e Programación da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores.

“O pequeno é fermoso: creación de valor agrícola -DOP, IGP, produción integrada e produción ecolóxica desde a perspectiva da Unión Europea”.

- José E. Rodríguez Coello

Asesor de Presidencia. Deputación Provincial de Lugo. Director do proxecto LugO2

“LugO2 unha oportunidade de crecemento e responsabilidade para a industria agroalimentaria da provincia”

Moderador: José López Orozco. *Alcalde de Lugo.*